



RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 42 DE 20 DE XULLO DE 2018

En virtude das facultades que me confire a vixente lexislación en materia de Réxime Local, e emitidos informes por parte de Secretaría e Intervención:

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

Aprobar as seguintes bases para a **contratación laboral temporal** de unha praza de guía turístico do Padroado Monte Santa Trega:

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUNHA PRAZA DE GUÍA TURÍSTICO PARA O PADROADO MONTE SANTA TREGA

PRIMEIRA. OBXECTO.

O obxecto das presentes Bases é a contratación laboral temporal por obra o servizo dunha praza de guía turístico (grupo B) para o Padroado Monte Santa Trega, pola renuncia do anterior contratado.

A duración do contrato será dende a súa formalización ata o 15 de decembro de 2018, a xornada de 37,5 horas/semanais, de luns a domingo, co horario que se determine polo responsable municipal. As funcións serán as de atender a oficina de información turística do Monte, ofrecer o servizo de visitas guiadas polo Monte Santa Trega, atendendo especialmente a citania e demais restos arqueolóxicos, atender, se fose preciso, e guiar visitantes no MASAT, así como organizar actividades de divulgación relacionadas co Monte Santa Trega.

Retribucións: 1.150 euros de salario bruto mensual.

SEGUNDA. CONDICIÓN E REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes deberán reuni-los seguintes requisitos para participaren nesta convocatoria:

a) Ser español ou cidadán dun país membro da Unión Europea ou dalgún dos estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado constitutivo da Unión Europea, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola UE e ratificados por España, ou estranxeiros con residencia legal en España., de acordo co establecido no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación forzosa.



c) Posuir un dos seguintes títulos:

- c.1.- Ciclo formativo de grado superior de formación profesional ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
- c.2.- Grado ou diplomatura universitaria ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
- c.3.- Máster oficial universitario, licenciatura ou equivalente ou homologado previamente pola autoridade competente na materia.
- c.4.- Gran diploma de xestión e dirección de empresas hoteleiras.
- c.5.- Diploma de xestión de empresas hoteleiras.
- c.6.- Diploma superior en xestión hoteleira.

d) Contar coa habilitación de guía turístico expedida pola Axencia de Turismo de Galicia.

e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin atoparse incapacitado ou inhabilitado para o servizo das funcións públicas a que se refiren estas Bases (acreditarse cunha declaración de responsabilidade do interesado).

f) Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desenvolvemento das correspondentes funcións. O Padroado Monte Santa Trega resérvase a facultade de comprobar a veracidade dos datos declarados polos seleccionados.

Todos os requisitos establecidos anteriormente deberán cumprirse o día de finalización do prazo de presentación de instancias, manterse durante todo o proceso selectivo e acreditarse no caso de ser seleccionado.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse xunto coa documentación compulsada que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, así como copia do DNI, carné de conducir ou pasaporte, nas oficinas municipais (registro xeral do Concello da Guarda de luns a venres (de 9:00 a 14:00 horas), ou en calquera das formas que sinala o art. 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, **dende o día seguinte o de publicación do anuncio no Faro de Vigo e durante un periodo de 10 días naturais.**

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no registro xeral do Concello, ben en calquera das formas establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, no horario sinalado no parágrafo anterior. **As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos ou a través do Portelo Único** deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e



datadas polo funcionario de Correos ou da administración receptora da documentación. Nestes dous casos, unha vez presentada, deberá **enviarse vía fax ó Concello** (986610283) a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes, **xunto coa acreditación da habilitación como guía de turismo esixida na convocatoria.**

Documentación a presentar xunto coa solicitude:

A solicitude deberá vir acompañada da documentación que acredite as condicións mínimas esixidas nesta convocatoria e dos méritos alegados polo aspirante, así como do D.N.I. A documentación (**compulsada**) será a seguinte:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da habilitación como guía de turismo expedida pola Axencia Galega de Turismo.
- Fotocopia da titulación requerida.
- Fotocopia da documentación acreditativa do méritos alegados.
- Declaración responsable (Anexo I).
- Acreditación, no seu caso, do título de CELGA 4 de lingua galega (para a exención da realización da proba de coñecemento de lingua galega).

Recordar ós aspirantes que a documentación poden compulsala no Rexistro Xeral do Concello de A Guarda no momento de entregar a solicitude, traendo copia e orixinal de todo aquilo que queiran presentar.

Finalizado o prazo de presentación de instancias, dicitarse unha resolución que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal, na que se admitirá ós/ás candidatos/as que presentasen a documentación anterior correctamente e se excluírá provisionalmente ós/ás candidatos que non o fixeran, concedéndoselles un prazo de **dous días hábiles para subsanar** os erros ou defectos que houbera. Posteriormente, elaborárase unha nova lista cos definitivamente admitidos/as e excluídos/as. Recordar que a documentación subsanable é soamente a que acredite as condicións mínimas esixidas na convocatoria, polo que os méritos non son subsanables.

CUARTA. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

FASE DE CONCURSO.

Na selección valoráranse os seguintes méritos:

1.- Estar en posesión da licenciatura ou grado en **Historia, Historia do Arte ou Arqueoloxía**: 2 puntos (só se valorará un título)

2.- **Asistencia a Cursos** en materias relacionadas directamente coas tarefas do posto de traballo convocado, impartidos por escolas públicas de formación de persoal ao servizo das administracións públicas, organismos da administración e institucións públicas ou dedidamente homologados por estes. Non serán obxecto de valoración as



certificacións expedidas por academias privadas senón se xustifica a homologación sinalada.

1. Por cada curso de duración igual ou superior a 200 horas: 1 punto.
2. Por cada curso de duración igual ou superior a 75 horas e inferior a 200: 0,5 puntos.
3. Por cada curso de duración igual ou superior a 10 horas e inferior a 75: 0,3 puntos.

Non se valorarán asignaturas, certificacións nin cursos que formen parte dunha titulación académica. Neste apartado, a equivalencia entre horas e créditos será a seguinte: 1 crédito=10 horas. O aspirante está obrigado a aportar a xustificación das horas de cada un dos cursos. En caso de non figurar as horas, non será obxecto de valoración.

Este apartado valorarase cun máximo de 1,5 puntos.

A asistencia ós cursos acreditarase mediante copia compulsada do documento acreditativo de asistencia ós mesmos.

3.- Por **experiencia profesional** na Administración Pública ou empresa privada como guía turístico: 0,05 punto por mes traballado ata un máximo de 1 punto, computándose por meses completos.

A acreditación deste mérito deberá facerse a través da documentación que permita determinar claramente o posto de traballo e a duración da prestación (contratos de traballo, certificados de servizos, folla de vida laboral, etc.), sen perxizo das facultades do Tribunal Cualificador para requerir ós aspirantes calquera tipo de aclaración ou documentación para determinar os extremos valorados.

4.- **Pola prestación de servizos en materia de turismo, derivados de bolsas de prácticas na Administración pública**, 0,05 puntos por mes de prestación de servizos ata un máximo de 1 punto, computándose por meses completos.

O presente apartado deberá acreditarse mediante certificado de servizos prestados.

FASE DE OPOSICIÓN.

A realización dunha **proba escrita, de carácter eliminatorio** de 20 preguntas sobre o temario relacionado no anexo II, cunha única resposta correcta, sendo a puntuación máxima de 10 puntos, e sendo necesario acadar un mínimo de 5 puntos para superar esta fase. O criterio que se utilizará para a puntuación da proba será o seguinte: as respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as preguntas non contestadas non sumarán nin restarán e as respostas incorrectas restarán 0,167 puntos.



Os aspirantes que superen a proba escrita deberán levar a cabo a **defensa dun proxecto de visita guiada e programa de actividades a desenvolver** cun grupo de persoas en número e da idade que fixe o aspirante. O proxecto recollerase nun máximo de tres folios a unha cara tamaño A4 (times new roman de 12 puntos a dobre espazo) e será entregado antes da exposición do mesmo. Valorarase cun máximo de 5 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 2.5 puntos para superar esta fase.

PROBA LINGUA GALEGA.

Os aspirantes que non acrediten estar en posesión do título CELGA 4 deberán realizar unha proba escrita de coñecemento da lingua galega, consistente na tradución dun texto de castelán a galego. A proba será valorada como APTO ou NO APTO, e terá carácter eliminatorio.

En caso de **empate** de puntuacións, será seleccionado o aspirante que obtivera maior puntuación na defensa do proxecto. En caso de persistir o empate se realizará **unha entrevista**, sobre os aspectos aportados como méritos e relacionada co obxecto do contrato, valorada ata 3 puntos.

QUINTA. LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

As datas para a celebración das probas serán obxecto de resolución da Presidencia que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal

SEXTA. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A **constitución do Tribunal** serán obxecto de resolución da Presidencia que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

A designación de membros do tribunal cualificador deberá incluír ó respectivo suplente, e os vocais, deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ó da praza convocada, o que deberá acreditarse mediante copia compulsada que acompañe ó escrito de designación de titular e suplente.

Para a válida actuación do Tribunal requirírase a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

Os/as membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ó Alcalde cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

SÉTIMA. 7.- CONTRATACIÓN.



A contratación efectuarase por resolución motivada da Presidencia, logo da proposta do Tribunal cualificador, que propondrá ó candidato que máis puntuación obtivese do máximo posible. Para efectuar esta proposta, o Tribunal poderá pedi-los informes e asesoramentos técnicos que teñan por convenientes. Os restantes candidatos, pola orde da puntuación obtida poderán ser contratados no caso de que algún seleccionado non achegue a documentación esixida nas presentes Bases.

No caso de que as persoas seleccionadas non reunisen os requisitos necesarios para a contratación poderán ser substituídas polas seguintes da relación do proceso selectivo, situación que sucederá igual no caso de ser necesario cubrir algunha praza por razóns de baixa, enfermidade, etc., utilizando para iso a modalidade de contratación laboral apropiada para cada caso.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo por non superar ningún aspirante a proba ou por non presentarse ningún a esta, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

OITAVA. DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLO SELECCIONADO.

Os candidatos seleccionados deberán achegar con carácter previo a súa contratación:

- DNI.
- Tarxeta da Seguridade Social.
- Número de conta bancaria.
- Certificado médico sobre disposición de condicións físicas requeridas.

NOVENA. FACULTADES DO PADROADO.

O padroado resérvase a facultade de modifica-lo réxime da prestación do traballo se circunstancias sobrevidas o esixiran.

DÉCIMA. OBRIGAS DOS CONTRATADOS.

Os traballadores contratados obríganse ó desenvolvemento das diferentes funcións que, acordes coa súa categoría estean encomendadas ó seu posto.

A Guarda, 10 de xullo de 2018.

O PRESIDENTE,

Antonio Lomba Baz



ANEXO I

D./D^a _____ con

DNI _____,

veciño/a

de _____

e _____ enderezo

en _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1º.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., nin atoparme en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. (No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público).

2º.- Posuir a titulación esixida na convocatoria.

3º.- Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

A Guarda, a ____ de _____ de 2018

Asdo.: _____



ANEXO II.- TEMARIO

TEMA 1. – A Constitución española de 1978. Estrutura e contido. Principios xerais.

TEMA 2.- Lei 7/2011, de 27 de outubro de turismo de Galicia

TEMA 3.- Decreto 73/2015, de 7 de maio pola que se regula a profesión de guía de turismo de Galicia.

TEMA 4.- Xestión, asesoramento e asistencia a grupos turísticos.

TEMA 5.- A Galicia prerromana. A cultura castrexa.

TEMA 6.- A Sociedade Pro Monte Sta Trega: impulso turístico e arqueolóxico do Monte.

TEMA 7.- O Padroado Municipal Monte Santa Trega. Órganos de goberno, funcionamento e réxime xurídico.

TEMA 8.- Arqueoloxía no Monte Santa Trega.

TEMA 9.- O MASAT (Museo Arqueolóxico Santa Trega)

TEMA 10.- Patrimonio relixioso: Ermida e Via Crucis